



DATOS IDENTIFICATIVOS

Oceanografía Xeolóxica

Materia	Oceanografía Xeolóxica			
Código	V10M153V01CF104			
Titulación	Máster Universitario en Oceanografía			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	3	OP	1	1c
Lingua de impartición	#EnglishFriendly Castelán			
Departamento	Xeociencias mariñas e ordenación do territorio			
Coordinador/a	Alejo Flores, Irene			
Profesorado	Alejo Flores, Irene García Gil, María Soledad			
Correo-e	ialejo@uvigo.es			
Web	http://masteroceanografia.com/			
Descrición xeral	Trátase dun complemento formativo que deberán cursar os alumnos que non procedan do grao en CC do Mar. A Comisión Docente do Master estudará para cada caso, á vista da formación e experiencia previa de cada alumno, a necesidade de cursar esta materia.			
	Materia do programa English Friendly. Os/ as estudantes internacionais poderán solicitar ao profesorado: a) materiais e referencias bibliográficas para o seguimento da materia en inglés, b) atender as titorías en inglés, c) probas e avaliacións en inglés.			

Resultados de Formación e Aprendizaxe

Código	
A1	Posuír e comprender coñecementos que acheguen unha base ou oportunidade de ser orixinais no desenvolvemento e/ou aplicación de ideas, adoitado nun contexto de investigación.
A5	Que os estudantes posúan as habilidades de aprendizaxe que lles permitan continuar estudando dun xeito que terá que ser, en grande medida, autodirixido e autónomo.
B1	Os estudantes comprenderán de forma detallada e fundamentada os aspectos teóricos, prácticos e a metodoloxía de traballo na oceanografía.
D1	Os estudantes coñecerán e serán capaces de aplicar o método científico no ámbito académico e investigador.
D4	Os estudantes serán capaces de comprender a necesidade e obrigaición de realizar unha formación continuada, en gran medida autónoma, para o desenvolvemento científico, actualizando os coñecementos, habilidades e actitudes das competencias profesionais ao longo da vida.

Resultados previstos na materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Adquirir coñecementos básicos para entender os ciclos xeolóxicos internos e externos no marco da Tectónica de Placas.	A1 B1 D1
Capacidade para tomar conciencia das diferentes escalas espazo-temporais nas que operan os procesos xeolóxicos no ámbito da oceanografía xeolóxica.	A1 A5 B1 D4
Entender a importancia para o ser humano dos procesos e produtos xeolóxicos no ámbito da oceanografía xeolóxica.	A5 B1 D1 D4

Contidos

Tema	
O Sistema Terra	A Terra como sistema dinámico. Principios fundamentais da xeoloxía e concepto de tempo xeolóxico. O ciclo xeolóxico. Fontes de enerxía do sistema interno e do sistema externo. Escala espazo-temporal dos procesos terrestres.
Introdución á Tectónica de Placas.	Deríva continental e a expansión oceánica. Marxes continentais activos e pasivos. Bordos de placa: converxentes, diverxentes e transcurrentes. O ciclo de Wilson. Tectónica e clima: ciclicidade dos procesos no rexistro xeolóxico.
Conceptos básicos de sedimentoloxía	Principios fundamentais. Estruturas sedimentarias. Facies e análise de facies
Medios sedimentarios costeiros e mariños	Procesos e produtos. Ambientes sedimentarios.
Prospección sísmica no mar	- O método sísmico - Interpretación sísmica
Temas prácticos	1. Introdución ao mapa e corte xeolóxico 2. Técnicas básicas en sedimentoloxía

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Lección maxistral	18	31.5	49.5
Prácticas de laboratorio	9	11.25	20.25
Seminario	3	2.25	5.25

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Lección maxistral	Exporase polo profesor os conceptos principais de cada tema y fará partícipe ó alumnado mediante o plantexamento de interrogantes. Valorarase a asistencia e a participación activa nas sesións.
Prácticas de laboratorio	Resolución de mapas e cortes xeolóxicos sinxelos. Emprego de técnicas básicas en sedimentoloxía. Recoñecemento de visu dos principais grupos de rochas. Dado o seu carácter experimental, a asistencia ás mesmas é OBRIGATORIA.
Seminario	O alumnado exporá en pequenos grupos dúbidas que serán resoltas polo profesor e o resto do alumnado do grupo.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Lección maxistral	O alumnado poderá ser atendido persoalmente tanto no desenvolvemento das sesións maxistrais como nas horas de tutoría individual reservadas para tal efecto.
Prácticas de laboratorio	O alumnado poderá ser atendido persoalmente tanto no desenvolvemento das prácticas de laboratorio como nas horas de tutoría individual reservadas para tal efecto.
Seminario	O alumnado poderá ser atendido persoalmente tanto no desenvolvemento das tutorías grupais como nas horas de tutoría individual reservadas para tal efecto

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe		
Lección maxistral	Avaliarase en 2 bloques: 20%, asistencia ás sesións e participación activa nas mesmas. 40%, avaliación dos coñecementos adquiridos mediante unha proba escrita.	60	A1 A5	B1	D1 D4
Prácticas de laboratorio	Para cada unha das prácticas os alumnos terán que presentar unha memoria ou boletín que será evaluado. A asistencia é obrigatoria, dado o seu carácter experimental	40	A5	B1	D4

Outros comentarios sobre a Avaliación

Opción de avaliación global

A solicitude para esta opción de avaliación terase que presentar no tempo e forma que determine o Centro, que será publicado con anterioridade ao comezo académico. Dado o carácter experimental das prácticas, a asistencia ás mesmas é obrigatoria para poder optar a esta opción de avaliación. **A non asistencia ás prácticas, sen causa xustificada invalida esta posibilidade, así como a oportunidade de avaliación extraordinaria (2ª oportunidade).**

Avaliación extraordinaria (2ª oportunidade)

Exame global no que un 60% corresponderá aos contidos teóricos e un 40% dos prácticos.

Outras consideracións

As datas oficiais para as probas de avaliación poderán sen consultadas no seguinte enlace:

<http://masteroceanografia.com/horarios/>

Requírese do alumnado que curse esta materia unha conduta responsable e honesta. Considérase inadmisibile calquera forma de fraude (copia ou plaxio) encamiñado a falsear o nivel de coñecementos e destrezas alcanzado en todo tipo de proba, informe ou traballo. As condutas fraudulentas poderán supoñer suspender a materia durante un curso completo. levará un rexistro interno destas actuacións para que, en caso de reincidencia, solicitar a apertura ao reitorado dun expediente disciplinario

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Leeder, M.R., Pérez Arlucea, M., **Physical processes in Earth and Environmental Sciences**, Blackwell Publishing, 321 pp.,

Tarback, E.J., Lutgens, F.K., **Ciencias de la Tierra. Una introducción a la Geología Física**, 10th Edition. Prentice Hall. Madrid. 710 pp.,

McQuillin, R., Bacon, M., Barclay, W., **An Introduction to seismic interpretation**, Graham & Trotman, 287 pp.,

Davidson-Arnott, R., **Introduction to Coastal Processes and Geomorphology**, Cambridge University Press. 422.,

Bibliografía Complementaria

Reolid, M., **La Tierra un lugar privilegiado para la vida**, Aula Magna Magrav Gil, 298 pp.,

Recomendacións

Outros comentarios

O alumno que o desexe poderá acudir a titorías personalizadas para resolver dúbidas. Para optimizar o tempo, é necesario que o alumno contacte co profesor con antelación suficiente. Requírese do alumnado que curse esta materia unha conduta responsable e honesta. Considérase inadmisibile calquera forma de fraude (i.e. copia e/ou plaxio) encamiñado a falsear o nivel de coñecemento ou destreza alcanzado por un/a alumno/a en calquera tipo de proba, informe ou traballo deseñado con este propósito. As condutas fraudulentas poderán supoñer suspender a materia durante un curso completo. Levarase un rexistro interno destas actuacións para, en caso de reincidencia, solicitar a apertura ao reitorado dun expediente disciplinario.